



**IV PLAN PARA A IGUALDADE  
DE OPORTUNIDADES  
ENTRE MULLERES E HOMES  
DO CONCELLO DE BURELA  
(2015 - 2017)**



# ÍNDICE

---

PRESENTACIÓN

INTRODUCCIÓN

LIÑAS ESTRATÉXICAS

I. MELLORA DA GOBERNANZA A FAVOR DA IGUALDADE

II. CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE

III. CONCILIACIÓN CORRESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA

IV. PARTICIPACIÓN ACTIVA DAS MULLERES NA SOCIEDADE E  
PROMOCIÓN DA SAÚDE E DO BENESTAR

V. ACCIÓN INTEGRAL PARA COMBATER A VIOLENCIA DE XÉNERO

EXECUCIÓN E AVALIACIÓN

## PRESENTACIÓN

---

Comprácenos presentar o IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes, elaborado para dar continuidade ás políticas de igualdade adoptadas polo Concello de Burela nos últimos anos.

Este documento, supón a reafirmación do compromiso na loita pola igualdade adoptado por esta entidade coa creación do CIM no ano 1997 e coa aprobación dos anteriores Plans de Igualdade, e servirá como base de referencia nos próximos dous anos para acadar unha igualdade real para as mulleres, naqueles ámbitos nos que aínda non é así.

A igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres, obxectivos prioritarios deste plan, constitúen un mandato legal e constitucional que nos obrigan como entidade local a implementar medidas correctoras a todos os niveis de actuación.

Este IV Plan é ambicioso tanto no número de obxectivos como de actuacións. Continúase coas medidas que foron eficaces do plan anterior e apórtanse novos obxectivos e actuacións axeitados á nova realidade social que estamos a vivir, pretendendo dar resposta ás demandas sociais en materia de igualdade do presente e futuro inmediato do noso municipio.

Estas actuacións deben realizarse co compromiso do Concello e coa participación de todo o conxunto político e social, pois só a través da participación de todos e todas, organismos, entidades, asociacións e poboación en xeral, poderemos acadar a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Ademais, é preciso enfocar todos os obxectivos e actuacións de cara á consecución do reto fundamental de construír unha sociedade baseada na igualdade e a non discriminación, tendo en conta unha das características que nos diferencia como pobo e que fai a Burela unha comunidade especial que é a diversidade de nacionalidades que nos conforman.

Só co compromiso inequívoco de todos e todas conseguiremos superar as barreiras de xénero e exercer os nosos dereitos sociais, políticos, económicos e culturais nunha sociedade de verdadeira igualdade.

Burela, Marzo de 2015

José M<sup>a</sup> González Barcia

Alcalde-Presidente do Concello de Burela

Diana Durán García

Concelleira de Servizos Sociais, Muller,  
Igualdade e Sanidade do Concello de Burela

## INTRODUCCIÓN

---

Este IV Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes, elabórase para dar continuidade ás políticas de igualdade adoptadas polo Concello de Burela nos últimos anos. Ademais, supón a reafirmación do compromiso na loita pola igualdade adoptado por esta entidade coa creación do CIM no ano 1997 e coa aprobación dos anteriores Plans de Igualdade.

A igualdade entre homes e mulleres e a eliminación de todas as formas de discriminación contra as mulleres, obxectivos prioritarios deste plan, constitúen un mandato legal e constitucional que nos obrigan como entidade local a implementar medidas correctoras a todos os niveis de actuación.

Neste IV Plan, continúaase coas medidas que foron eficaces no plan anterior e apórtanse novos obxectivos e actuacións axeitados á nova realidade social que estamos a vivir.

Estas actuacións deben realizarse co compromiso do Concello e coa participación de todo o conxunto político e social, pois só a través da participación de todos e todas, organismos, entidades, asociacións e poboación en xeral poderemos acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

Ademais, é preciso enfocar todos os obxectivos e actuacións de cara á consecución do reto fundamental de construír unha sociedade baseada na igualdade e a non discriminación, tendo en conta unha das características que nos diferencia como pobo e que fai a a Burela unha comunidade especial, que é a diversidade de nacionalidades que nos conforman.

Dado que a desigualdade ten un carácter estrutural, este IV plan pretende contribuír a unha transformación da sociedade a través de pequenos cambios, unha sensibilización real e comprometida de todos e todas pola igualdade. Para isto, propóñense as seguintes liñas estratéxicas de intervención :

- I. Mellora da gobernanza a favor da igualdade.
- II. Cambio de valores e modelos para a igualdade.
- III. Conciliación corresponsable e calidade de vida.
- IV. Participación activa das mulleres na sociedade e promoción da saúde e do benestar.
- V. Acción integral para combater a violencia de xénero.

## CONTEXTO E SITUACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA

O Concello de Burela, conta dende o ano 1997 cun Centro de Información á Muller a través do cal se canalizan todas as actividades desenvolvidas nesta área. Ao longo do ano realízanse campañas de fomento da igualdade e de prevención da violencia de xénero para todos os colectivos do noso municipio e, así mesmo, contamos con varios programas específicos para mulleres, tanto de sensibilización como de formación ou tempo libre.

Nos últimos anos, puxéronse en marcha, ademais, varios programas e servizos destinados á conciliación da vida laboral e familiar (escola infantil, ludoteca de verán, actividades extraescolares...), que serán ampliados nun futuro inmediato coa creación e posta en funcionamento da nova escola infantil.

Estes datos certifican o compromiso municipal por fomentar a igualdade entre mulleres e homes e o apoio que se está dando para mellorar a participación e implicación destas en todas as áreas da sociedade. Isto ponse de manifesto tamén, a través das taxas de participación nas diferentes actividades e na creación nos últimos anos de varias asociacións de mulleres, xurdidas na súa maioría das actividades propostas polo CIM e co apoio técnico deste para a súa creación e posta en funcionamento.

Un dos aspectos básicos a abordar previamente á elaboración do Plan de Igualdade foi a recompilación de datos dende a perspectiva de xénero no noso territorio. Cumprindo con esta necesidade e baseándonos nos datos do padrón municipal, expoñemos un perfil básico que facilitará o coñecemento da realidade xeográfica do municipio e sociodemográfica das mulleres e homes que o integran.

Segundo os datos do padrón municipal do ano 2015, a distribución da poboación de Burela é a seguinte:

Datos da poboación total desagregados por sexo:

<b>POBOACIÓN DE BURELA POR SEXO (Xaneiro de 2015)</b>		
<b>SEXO</b>	<b>N.º</b>	<b>PORCENTAXE</b>
MULLERES	4.768	49,65 %
HOMES	4.835	50,35 %
TOTAL	9.603	100 %

Datos da poboación total desagregados por idade e sexo:

<b>DATOS DA POBOACIÓN TOTAL DESAGREGADOS POR IDADE E SEXO</b>			
<b>GRUPO DE IDADE</b>	<b>MULLERES</b>	<b>HOMES</b>	<b>TOTALES</b>
0-19 ANOS	824	857	1.681
20-39 ANOS	1.385	1.417	2.802
40-59 ANOS	1.482	1.536	3.018
60-79 ANOS	842	796	1.638
80 EN DIANTE	302	162	464

Datos totais da poboación estranxeira desagregados por nacionalidade e sexo:

<b>RESUMO DA POBOACIÓN ESTRANXEIRA DE BURELA POR NACIONALIDADES</b>				
<b>TOTAL NACIONALIDADES</b>	<b>MULLERES</b>	<b>HOMES</b>	<b>TOTAL</b>	<b>% SOBRE POBOACIÓN</b>
42	473	618	1.091	11,366 %

Datos da poboación inmigrante desagregados por nacionalidades e sexo:

<b>PRINCIPAIS NACIONALIDADES EN Nº DE RESIDENTES EN BURELA POR NACIONALIDADE E SEXO</b>				
<b>PAIS</b>	<b>MULLERES</b>	<b>HOMES</b>	<b>TOTAL</b>	<b>PORCENTAXE</b>
CABO VERDE	212	234	446	4,646
PERÚ	60	61	121	1,261
PORTUGAL	50	62	112	1,167
INDONESIA	0	101	101	1,052
SENEGAL	10	51	61	0,635
BRASIL	31	12	43	0,448
MARROCOS	18	22	40	0,417
COLOMBIA	15	13	28	0,292
ROMANÍA	14	10	24	0,250

# LIÑAS ESTRATÉXICAS

---

## I. MELLORA DA GOBERNANZA A FAVOR DA IGUALDADE

INTRODUCIR E FOMENTAR O PRINCIPIO DE TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NAS ACTUACIÓNS DO CONCELLO, COMO GARANTE DE COMPROMISO COAS POLÍTICAS DE IGUALDADE.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Fomentar e fortalecer a colaboración interdepartamental e entre concellarías a favor da igualdade entre mulleres e homes.

ACTUACIÓNS:

- Elaboración, publicación e difusión do IV Plan de Igualdade Municipal.
- Creación da mesa de Coordinación Municipal contra a Violencia de Xénero.
- Elaboración do Protocolo Local de prevención e intervención en casos de violencia de xénero.

INDICADORES:

- Plan elaborado e publicado.
- Mesa de coordinación creada.
- Protocolo elaborado e publicado.

2. Promover e favorecer a utilización dunha linguaxe non sexista, sobre todo no ámbito administrativo en cumprimento co artigo 14 da lei 3/2007.

ACTUACIÓNS:

- Introducción da variable sexo nos procedementos de recollida de información e nas bases de datos e estatísticas municipais.
- Difusión de guías/manuais con recomendacións para reducir os usos sexistas na documentación municipal.
- Emprego de imaxes e mensaxes non sexistas na cartelería que se publique dende o Concello e naquela na que se colabore directamente.
- Incorporación na web do Concello do acceso directo ás recomendacións de utilización da linguaxe non sexista que propón a Secretaría Xeral de Igualdade.  
(<http://igualdade.xunta.es/es/node/177#docsoficiais>).

INDICADORES:

- % de estatísticas por variable de sexo.
- Nº de guías/manuais difundidos.

- Nº de carteis publicados sobre os que hai que corrixir imaxes/mensaxes.
- Enlace incorporado á web e nº de visitas a este.

### 3. Reforzar as competencias do persoal municipal en materia de igualdade de xénero.

#### ACTUACIÓNS:

- Realización de accións formativas en materia de igualdade dirixidas ao persoal do Concello.
- Asesoramento en materia de igualdade ao persoal político e técnico.
- Difusión da oferta formativa en materia de igualdade e uso non sexista da linguaxe que exista a nivel estatal, autonómico ou municipal.
- Introducción nos temarios de oposicións municipais de todos os grupos un tema sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

#### INDICADORES:

- Nº de accións formativas realizadas.
- Nº de demandas de asesoramento recibidas no CIM.
- Nº de accións formativas ofertadas.
- % de temarios co módulo de igualdade.

### 4. Potenciar a participación das/os diferentes axentes sociais no desenvolvemento das políticas municipais de igualdade.

#### ACTUACIÓNS:

- Difusión de información sobre o CIM e as actividades realizadas/organizadas a entidades/asociacións tanto do ámbito municipal como de fóra deste (especial atención aos Concellos conveniados).
- Actualización periódica do apartado Muller da páxina web do Concello e creación de enlaces directos a publicacións neste ámbito.
- Establecemento de colaboracións co Fondo Galego de Cooperación ao Desenvolvemento para o financiamento dalgún proxecto que integre a perspectiva de xénero na súa execución.

#### INDICADORES:

- % de actividades difundidas e medio de difusión.
- Nº de enlaces directos creados na web.
- Nº e tipo de actividades realizadas en colaboración co Fondo Galego.



## II. CAMBIO DE VALORES E MODELOS PARA A IGUALDADE

PROMOVER A SENSIBILIZACIÓN A FAVOR DA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES IMPULSANDO A TRANSMISIÓN DE VALORES DE XÉNERO MÁIS EQUITATIVOS E A ELIMINACIÓN DE ESTEREOTIPOS.

OBXETIVOS ESPECÍFICOS:

1. Consolidar as actividades de coeducación e prevención da violencia de xénero dirixidas ao alumnado dos diferentes centros educativos.

ACTUACIÓN:

- Realización de programas preventivos para os/as alumnos/as de secundaria: proxeccións, masterclass, curtametraxes...
- Elaboración e difusión entre os centros educativos dun catálogo de libros e materiais didácticos non sexistas.
- Realización de sesións de contacontos, xogos e actividades que promovan a igualdade entre o alumnado de infantil e primaria.

INDICADORES:

- Nº de actividades realizadas para os/as alumnos/as de secundaria.
- Nº de catálogos distribuídos, nº de participantes e grao de satisfacción con estas.
- Nº de actividades realizadas para infantil e primaria, nº de participantes e grao de satisfacción con estas.

2. Fomentar a implicación de nais e pais en actividades de coeducación promovendo así a educación igualitaria nas familias.

ACTUACIÓN:

- Continuación do Programa “Educando en Familia”.
- Elaboración e difusión de materiais divulgativos e de sensibilización en igualdade para os colectivos de nais e pais (ANPAS).
- Posta en funcionamento da Escola Municipal de Nais e Pais.

INDICADORES:

- Nº de familias participantes no Programa.
- Material elaborado e distribuído.
- Nº de sesións realizadas na Escola Municipal de Nais e Pais, nº de participantes e grao de satisfacción destes/as.

3. Realizar e promover accións formativas en materia de igualdade e prevención da violencia para todos os colectivos do municipio e poboación en xeral.

**ACTUACIÓNS:**

- Introducción do módulo de igualdade en todos os programas de formación que se desenvolvan dende o Concello.
- Organización e colaboración de xornadas/obradoiros/seminarios de prevención da Violencia de Xénero.

**INDICADORES:**

- % de programas formativos que incluíron o modulo de igualdade.
- Nº de accións realizadas e nº de participantes nestas.

### III. CONCILIACIÓN RESPONSABLE E CALIDADE DE VIDA

FOMENTAR A CORRESPONSABILIDADE DE HOMES E MULLERES NA ASUNCIÓN DE TAREFAS HABITUAIS DA VIDA FAMILIAR DIARIA PROMOVEDO ACTUACIÓNS QUE FAVOREZAN A CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E FAMILIAR.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

1. Realizar actividades de sensibilización e formación sobre a corresponsabilidade familiar e doméstica e os beneficios destas actuacións.

ACTUACIÓNS:

- Obradoiros de “supervivencia” doméstica para homes e mulleres (cociña, economía familiar...).
- Potenciación da figura paterna e da participación destes no programa Educando en Familia.
- Campañas de fomento da corresponsabilidade (mesas redondas, charlas, publicación de materiais...).

INDICADORES:

- Nº e tipoloxía de obradoiros realizados.
- % de homes e mulleres participantes no programa.
- Nº e tipoloxía de actividades realizadas.

2. Promover actuacións que favorezan a conciliación da vida laboral e persoal.

ACTUACIÓNS:

- Incremento dos servizos de Atención á Infancia (posta en funcionamento da nova escola infantil, continuidade da ludoteca de verán...).
- Reforzo dos programas de atención a dependentes (programa axilmente, servizo de axuda no fogar, programa para persoas con necesidades paliativas...).
- Continuación das actividades extraescolares para os/as nenos/as (de ocio, culturais, deportivas...) durante o horario de traballo e en períodos vacacionais.
- Promoción do Banco do Tempo Municipal.

INDICADORES:

- Nº e tipoloxía de servizos en funcionamento e nº de usuarios/as.
- Recursos económicos adicados ao reforzo dos programas.
- Nº de actividades extraescolares ofertadas e nº de participantes.
- Nº de socios/as do Banco do Tempo.

3. Promover e potenciar o autoemprego das mulleres e favorecer a incorporación ou reincorporación destas ao mercado laboral.

**ACTUACIÓNS:**

- Accións informativas e formativas para mulleres emprendedoras.
- Información e asesoramento ás mulleres sobre os dereitos laborais (servizos municipais de emprego, charlas, dípticos...).
- Accións formativas que promovan o uso activo das novas tecnoloxías por parte das mulleres diminuíndo a fenda dixital aínda existente en relación cos homes.
- Colaboración directa entre o CIM e a bolsa de emprego municipal como ferramenta de axuda e apoio ás mulleres desempregadas.

**INDICADORES:**

- N<sup>o</sup> de accións realizadas e n<sup>o</sup> de mulleres participantes.
- N<sup>o</sup> de accións de información e asesoramento realizadas.
- N<sup>o</sup> de accións realizadas e n<sup>o</sup> de mulleres participantes.
- N<sup>o</sup> de derivacións á bolsa de emprego.

## IV. PARTICIPACIÓN ACTIVA DAS MULLERES NA SOCIEDADE E PROMOCIÓN DA SAÚDE E DO BENESTAR

PROMOVER A PARTICIPACIÓN DAS MULLERES EN TODOS OS ÁMBITOS DA SOCIEDADE EN CONDIÇÕES DE IGUALDADE, ASÍ COMO PROMOVER A ATENCIÓN Á SAÚDE E BENESTAR DESTAS.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

### 1. Dinamizar a participación das mulleres na rede asociativa do Concello.

#### ACTUACIÓNS

- Asignación de recursos e subvencións municipais a asociacións de mulleres.
- Difusión das actividades promovidas por colectivos de mulleres nos medios municipais (páxina web, publicacións...).
- Apoio técnico e asesoramento para a creación de asociacións de mulleres ou para o seu funcionamento (xestión, subvencións, actividades...).
- Mantemento de redes de colaboración con asociacións de mulleres para a realización de actividades (formativas, de ocio, culturais...).
- Apoio ás actividades culturais con mulleres como protagonistas (exposicións, libros, música...).

#### INDICADORES

- % de asociacións de mulleres subvencionadas.
- Nº de publicacións de actividades.
- Nº de consultas recibidas no CIM por parte de asociacións.
- Nº e tipo de colaboracións con asociacións.

### 2. Fomentar hábitos de vida saudables para contribuír ao benestar físico e psíquico de mulleres e homes dende unha perspectiva de xénero.

#### ACTUACIÓNS

- Organización de actividades de ocio e tempo libre como espazo de benestar físico e socialización (risoterapia, bolillos, bordado, manualidades...).
- Organización de actividades de mellora da saúde física e mental que promovan un envellecemento activo e saudable (ximnasia preventiva, ximnasia mental...).
- Fomentar as revisións de saúde para a muller protocolizadas no SERGAS publicitando dende o CIM as campañas informativas.
- Promoción de accións de sensibilización e información co obxecto de desenvolver hábitos de vida saudables e a adopción de relacións satisfactorias, desde o reforzo da autoestima e autocoidado das mulleres.

## INDICADORES

- Nº de actividades de ocio e tempo libre realizadas e nº de participantes.
- Nº de actividades de mellora da saúde realizadas e nº de participantes.
- Nº de campañas publicitadas e tipoloxía destas.
- Nº de accións realizadas, tipoloxía e nº de participantes.

## 3. Promover a integración social de persoas en risco de exclusión e o respecto pola diversidade, como forma de evitar unha dobre discriminación.

## ACTUACIÓNS

- Difusión das axudas e prestacións dirixidas a persoas en risco de exclusión a través das canles do concello (CIM, páxina web, taboleiro...).
- Organización de actividades formativas para a aprendizaxe da lingua (aula inmigrantes).
- Prestación de servizos de atención social, psicolóxica e xurídica a persoas inmigrantes en colaboración co programa de atención a inmigrantes e o servizo de teletraducción da xunta.
- Fomentar o acceso á información e ao emprego a persoas en risco de exclusión través do asesoramento, información e orientación laboral específica (programas específicos).

## INDICADORES

- Nº de difusión e medio.
- Nº de actividades realizadas e nº de participantes.
- % de usuarias inmigrantes.
- Nº de derivacións aos servizos de emprego.

## V. ACCIÓN INTEGRAL PARA COMBATIR A VIOLENCIA DE XÉNERO

PREVIR E ABORDAR A VIOLENCIA DE XÉNERO DENDE AS SÚAS DIFERENTES CAUSAS, TIPOLOXÍAS, MANIFESTACIÓNS E CONSECUCIÓNS, ASÍ COMO GARANTIR A ASISTENCIA E PROTECCIÓN DAS VÍTIMAS CON ACTUACIÓNS DE CARÁCTER INTEGRAL E COORDINANDO OS RECURSOS EXISTENTES.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS:

### 1. Levar a cabo accións de sensibilización e prevención sobre a violencia de xénero.

ACTUACIÓNS:

- Campaña de sensibilización/prevención e erradicación da violencia de xénero en torno ao 25 de novembro (manifesto, campaña en institutos, concurso lemas e relatos...).
- Potenciación da participación das asociacións do Concello nas campañas que se desenvolvan para a prevención da violencia de xénero (colaborando na organización e difusión de actividades, desenvolvendo accións específicas...).
- Realización de obradoiros/talleres/charlas sobre violencia de xénero (con especial atención aos colectivos máis vulnerables.)
- Posta en funcionamento da mesa de coordinación contra a violencia de xénero.
- Colaboración en/con todas aquelas campañas que se desenvolvan en materia de violencia de xénero a nivel estatal/autonómico mediante a súa difusión entre o persoal do concello, asociacións, axentes sociais...

INDICADORES:

- Nº de actividades realizadas para a conmemoración do 25N.
- Nº de asociacións participantes nas actividades.
- Nº e tipoloxía de actividades realizadas e nº de participantes.
- Nº de reunións da mesa e acordos adoptados.
- Nº de campañas difundidas.

### 2. Ofrecer atención integral e efectiva ás vítimas de violencia de xénero.

ACTUACIÓNS:

- Mantemento e ampliación (convenios con outros concellos, servizo de consultas on line...) dos servizos de atención e asesoramento que presta o CIM.

- Difusión dos programas e recursos municipais, Xunta de Galicia e doutras entidades para mulleres vítimas de violencia de xénero (prensa, radio, taboleiro municipal, páxina web...).
- Dotación de recursos económicos para facer fronte a situacións de emerxencia.
- Posta en funcionamento de recursos de emerxencia social para mulleres vítimas de violencia de xénero (vivenda de acollida...).
- Creación do Punto de Encontro.

#### INDICADORES:

- Nº de mulleres usuarias do CIM.
- Nº de recursos tramitados dende o CIM (económicos, acollida...).
- Recursos económicos destinados a situacións de emerxencia.
- Nº de usuarias dos recursos de emerxencia.
- Nº de mulleres e nenos/as vítimas de violencia de xénero usuarias/os do Punto de Encontro.

### 3. Mellorar a coordinación entre os/as profesionais que interveñen na atención e tratamento da violencia de xénero.

#### ACTUACIÓNS:

- Posta en funcionamento da mesa de coordinación.
- Elaboración, publicación e presentación do protocolo municipal.
- Formación especializada dos/as profesionais que interveñen na atención e tratamento das vítimas de violencia de xénero.

#### INDICADORES:

- Nº de reunións da mesa de coordinación.
- Protocolo municipal elaborado e publicado.
- Nº de accións de formación realizadas polo persoal do CIM e dos Servizos Sociais.



## 5. EXECUCIÓN E AVALIACIÓN

---

O prazo de execución deste IV Plan será o período comprendido entre os anos 2015 e 2017.

O seguimento e avaliación do plan son mecanismos fundamentais e indispensables para verificar a realización das diferentes accións. Preténdese determinar en que medida se cumpriron os obxectivos formulados a través da análise pormenorizada dos indicadores establecidos para cada unha das accións asociadas a estes.

O proceso de avaliación terá tamén un compoñente cualitativo na medida en que debe ter en conta o grao de efectividade das actividades propostas, así como a satisfacción das persoas e institucións implicadas nas mesmas.

Farase unha primeira avaliación de seguimento ao ano da posta en marcha deste plan e a avaliación final ao remate do período de execución.

Ao rematar o período dos dous anos de vixencia deste plan, redactarase unha memoria final que dará conta dos resultados e que servirá para determinar que novas actuacións terá que pór en marcha este concello nun futuro e que actuacións debe manter pola súa eficacia.



## Concello de Burela

*Concellería de Servizos Sociais,  
Muller, Igualdade e Sanidade  
Centro de Información ás Mulleres*

**IV PLAN PARA A IGUALDADE  
DE OPORTUNIDADES  
ENTRE MULLERES E HOMES  
DO CONCELLO DE BURELA  
(2015 - 2017)**